

Memorias dun raposo



Título: Memorias dun raposo
Autor: Antonio Reigosa
Ilustrador: Manolo Uhía
Editorial: Xerais
Colección: Merlín
Nº páxinas: 144
ISBN: 84-8302-903-0
Idade: De 11 anos en diante

XERAS



o autor



Antonio Reigosa

Nace en Mondoñedo en 1958.

Traballa no Departamento de Didáctica do Museo Provincial de Lugo desde 1982. Da súa autoría é a *Guía do Museo Provincial de Lugo*.

Investigador da mitoloxía e da literatura oral galega, colabora en traballos de divulgación sobre estes temas.

É cofundador do grupo de investigación etnográfica Chaira, e participa en campañas de recollida de literatura oral en distintos concellos da provincia de Lugo. Recibiu o Premio O Facho, o Premio Artes e Tradicións Populares do Ministerio de Cultura, o Raíña Lupa por *Resalgario* e o premio Merlín por *Memorias dun raposo*.

É un dos autores da colección Cabalo buligán, onde se leva publicado *Contos de animais I-II*, *Contos de encantamento I-II*, *Contos de maxia I-II-III-IV*, *Contos de parvos e pillos I-II*, *Contos fantásticos I-II-III-IV*, *Contos colorados*, *Máis contos de animais I-II*, e *Contos prodixiosos I-II*. Tamén é autor da *Antoloxía do conto de tradición oral*, *Da fala dos brañegos*, *Literatura oral do concello de Abadín*, *Cando os animais falaban*, *Cen historias daquel tempo*, *Diccionario dos seres míticos galegos*, *A raposa no galiñeiro*, *Arrepíos e outros medos*, *Bacoriño*, *O galo avisado e o raposo trampulleiro...*

o ilustrador

Manuel Uhía

Nace na década dos corenta en Portonovo. É pintor e traballa no eido do deseño e a publicidade. Como ilustrador colaborou en máis de noventa libros, entre os que podemos citar *Pimpín e dona gata*, *Memorias dun raposo*, *Contos de animais I*, *A pantasma da torre...*

Destaca tamén como escritor con obras como: *¡Piratas na buguina!*, *O anel*, *Pinturiño*, *O rato que lle puxo o cascabel ó gato...*

o libro

Acadou o Premio Merlín 1998.

Un raposo diríxese aos seus conxéneres para contar «o que somos e o que non somos». Trátase das memorias dun golpe, nas cales describe o seu mundo e a súa familia. Fala tamén das relacións con cans e gatos, con galos e lobos, cos homes... con todo o que forma parte do seu hábitat.

Nestas memorias recóllense as historias que forman parte do noso imaxinario en relación a estes animais. Enlázanse e cóntansenos de maneira amena, cunha linguaxe que ten moito de oralidade, maneiras doutro tempo e riqueza léxica.

A novela, constituída por todos eses contos de raposos, vén sendo unha recreación dos contos vellos enfiados á maneira do autor. Nela podemos atopar algo de saga e unha sucesión de relatos de aventuras.

actividades

Antes da lectura

- En base ao título, o debuxo da portada e a información da contraportada podemos ir adiantando a historia que se nos vai contar.
- Comentamos o que sabemos deste autor. Buscamos outros libros seus na biblioteca.
- Falamos do Premio Merlín, se o coñecemos, de onde virá ese nome, doutros libros que tamén obtivesen este premio... Repasamos os títulos publicados nesta colección que aparecen ao final do libro e daqueles que teñamos lido iremos facendo comentarios.
- Se queremos saber algo máis do autor, lemos a apartado «Cando o autor fala de si» e comentamos aquilo que nos chame a atención do que conta da súa vida.
- Na posta en común faremos partícipes aos demais de todo o que sabemos dos raposos e todo o que eles poden contar nunhas memorias.

Ao longo da lectura

- Os capítulos teñen título; isto serviranos para ir facendo anticipacións do que esperamos atopar en cada un deles. Unha vez lido, podemos estar conformes co título que lle puxo o autor ou cambiarlo por outro que nos pareza mellor.
- No primeiro capítulo parece escribirilles unha carta aos raposos novos para tentar que as cousas cambien, para que volvan ao monte e á dignidade, e para iso vailles explicar quen foron, quen son e en que parte do mundo están. Imaxinádevos escribíndolle unha carta aos nenos e nenas máis pequenos dándolles consellos.
- Afonso Alfonso presenta a Golpilleira. Busquemos ese texto e leámosllo aos demais. Logo poderemos poñerlle nome a un lugar que nos resulte especial e describi-lo a modo de pequeno mundo.
- Aproveitando a riqueza de vocabulario que ten esta obra, iremos elaborando campos semánticos: o que lles chaman aos raposos, os lugares, os animais...
- Buscade os fragmentos en que Afonso lles dá consellos aos pequenos e aqueloutros nos cales se presenta a si mesmo e á súa familia.
- Conforme o lemos, atopamos detalles que nos fan rir. Tomaremos nota de cada un deles para logo compartilos cos demais.
- Podemos organizarnos por equipos, de maneira que cada un deles se ocupe dun traballo de recompilación. Un tomará nota dos diferentes contos de raposos que aparecen, outro concluirá as relacións dos raposos con outros animais, os contos nos que se dan razóns como aquel nos que se explica a causa pola que os cans teñen os rabos que teñen...

actividades

• Imos contestando: Que lle pasou ao gato confidente? Cal é a técnica para desfacerse das pulgas? Como se poden pillar as troitas sen mollar os pés? Cales son as tres verdades máis grandes do mundo? Que din os homes dos sapos? Como os matan? Que negocios facía Afonso con Louro? Que conta das vacas? Como di que son? Como lle ensina ao lobo a pescar as troitas? Que son os libernes? Como se burlaba a nai do lobo que a pretendía? Que celebran os raposos o día de non comer nada? A quen lembran? Que se conta que sucedeu na feira de Monterroso? Cal é a opinión que os raposos teñen dos cans? Que sabemos da familia de Afonso Alfonso? Como morreu o pai de Afonso Alfonso? Onde aprendeu latín a súa familia?

• Completamos:

Dise que os lobos son _____ maldicidos por _____. O idioma dos galos lembra _____.

Afonso Alfonso na outra vida quere ser _____.

A batalla da Golpilleira consistiu _____.

• Anota aqueles contos que xa coñecías. Contádevos contos de animais os uns aos outros.

• Lobos e raposos manteñen unha contenda psicolóxica, confesa o protagonista. Non é moi boa a consideración que os raposos teñen dos lobos. Recoller algunha declaración ao respecto.

• O raposo tamén exerce de xuíz. Recolle un par de sucesos nos cales lle pediran o seu veredicto.

• Observemos cal é a opinión que os raposos teñen dos galos.

• En moitos sucedidos que se contan, o raposo engana ao lobo. Apunta un par de casos.

• Describe o método que ten Afonso para crear galos.

• Enumeremos os tipos de derrotas que os raposos sufriron fronte aos galos.

• Lembremos a lenda pola que se explica o tipo de rabo que ten cada can.

• Recollamos como engana a pega marza ao raposo Merexildo.

• Buscamos e anotamos o epitafio dun raposo.

• Buscamos a maneira de enganar a un trasno.

• Preparemos entre dous as Palabras Recreadas de Afonso Alfonso para responder os requirimentos da Morte, a modo de diálogo.

• Recollemos todo o que indaguemos sobre Merexildo contado por Afonso Alfonso.

• Realicemos un debate sobre a sabiduría dos raposos, a súa convivencia con outros animais, as maneiras de enganárense os uns aos outros.

actividades

- Observemos a relación entre os raposos e as pegas.
- Fagamos unha listaxe con todas as desgrazas que lle poden pasar a un raposo nun día.
- Nun dos relatos fálase daquel tempo no que Xesús Cristo andaba polo mundo con San Pedro. Lembras algunha historia dese tempo? Es quen de buscala?
- Busquemos aqueles relatos onde se poden observar as reparticións que fai o raposo sempre ao seu favor.
- No texto aparecen referencias mitolóxicas (Zeus) e outras da relixión cristiá (Xesús Cristo e San Pedro). Expliquemos quen son cada un deles.
- Debuxemos a Golpilleira, tal e como nola describe Afonso.
- Estamos ante unha serie de relatos da tradición oral. Podemos buscar outros como *Contos populares da provincia de Lugo*, a colección «Cabalo buligán» ou calquera outro que sexas quen de atopar. Se vos facedes cun bo feixe poderedes realizar unha exposición.
- Imaxina escribir as túas memorias para lección e aprendizaxe dos rapaces que veñen detrás.
- Xoguemos a inventar outras memorias. Memorias de... (unha lesma/un unicornio/...).
- Podemos traballar o tema dos raposos desde outro punto de vista. Busquemos datos nunha enciclopedia ou libro de información sobre os raposos, as súas características, tipos...
- O autor cóntanos as memorias do raposo ao xeito humano, humanizando a historia igual que se fai na meirande parte das películas de animais. Agora nós podemos pasar a novela a cómic.
- Entre nós, tamén temos unha idea preconcebida dos animais; por exemplo, cando lle chamamos raposeiro a alguén?
- Vaiamos completando esta listaxe de animais e as calidades que lle supoñemos a cada un deles:
 - Can: lealdade, amigo do home
 - Galo: soberbia
 - Gato:
 - Sapo:
 - Pega:
- Lembremos o que fai a nai de Afonso Alfonso cando a leva a corrente e di: «¡Xa tiña que ir a Vilanova e vou; agora vou! ¡Que máis dá por terra que por auga!». Lémbravos algo? Algunha vez pasastes por algo parecido, que ante unha adversidade reaccionádeses así?

actividades

- Certamente a nai de Afonso Alfonso era moi positiva; a todo lle atopaba o seu lado bo. Buscade un par de exemplos.
- Expliquemos esta frase: «No que nos pasou está o fermento do que nos vai pasar».
- Dise que un loberno é o fillo dun raposo e unha loba. Intentemos investigar outros froitos de unión de animais de diferentes especies. Logo, podemos crear outros inventándolles pais, poñéndolles nomes... pois non todos os animais teñen que ser reais. Pensade en animais imaxinarios que coñecedes pola mitoloxía.
- Revisemos os pareados que aparecen na páxina 96 a modo de diálogo. Escribamos novos pareados cos que poder manter unha conversa entre dous personaxes.
- Os raposos tamén parece que teñen un pecado orixinal. Contádeo e explicade cal é o humano.

Despois da lectura

- Aquel a quen lle gustase moito o libro recomendarao por medio dunha recensión que poderemos publicar na revista escolar ou colocar no taboleiro de recomendacións da biblioteca.
- Buscaremos outros contos de raposos que non aparecen recollidos nestas memorias.
- Localizaremos contos de animais.
- Leremos outros libros deste autor.
- Recolleremos todas as intervencións que aparecen en verso. Aprenderémolas e xogaremos a que os outros adiviñen cando se dicía iso, quen o facía e en que circunstancia.



Pedidos a:

**Comercial Grupo Anaya
Polígono de Bergondo
1ª Travesía - Parcela B1
15.165 Bergondo (A Coruña)
Telf.: 981 795 656 / Fax: 981 795 660**

XERAIS

**Doutor Marañón, 12. 36211 Vigo
Apartado Postal 1446. 36200 Vigo
Teléfonos (986) 21 48 88 - 21 48 80
Telefax: (986) 20 13 66
Correo electrónico: xerais@xerais.es
<http://www.xerais.es/>**

EDICIÓN XERAIS DE GALICIA



© Pilar Sampedro Martínez, 2005
© Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2005
Depósito legal: VG. 415-2005